

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9 DE FEBREIRO DE 2015.**

**Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**Concelleiros:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.  
D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.  
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 5/2015 DE DATA 2 DE FEBREIRO DE 2015.**

Acordouse aprobar a acta núm. 5/2015, correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 2 de febreiro de 2015 e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para o acondicionamento de local para actividade de comercialización (tenda agrícola) no lugar dos Carballiños, nº 10, baixo, Vilatuxe–Lalín (**Exp. 7717/14**) e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 02/02/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 219,99 euros.



### **3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

**3.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para o exercicio da actividade consistente en restaurante na rúa Areal, nº 67, baixo, dereita-Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 30/01/15 por importe de 500 euros en concepto de taxa por licenza de 1ª ocupación.

### **4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**4.1.-**Acordouse conceder á empresa **CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.**, adxudicataria das obras denominadas **“AGLOMERADO EN RÚA F, PINTOR LAXEIRO E RÚA MOLINERA” PUSIM/2014 (CO072014)** unha prórroga dunha (1) semana no prazo de execución de dita obra (ata o día 16 de febreiro de 2015, consonte co establecido no informe do Enxeñeiro Técnico Municipal, Director das Obras.



**4.2.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS RELACIONADAS COA TONIFICACIÓN-MUSCULACIÓN” (CSE152014)** mediante procedemento negociado, trámite ordinario e un criterio de valoración, con importe máximo de licitación de 23 €/hora (IVE incluído) e un prazo máximo de execución de 10 meses, e aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

### **5.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.**

Vista a relación de solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, **ESPINA Y DELFÍN S.L.**, **acordouse autorizar varias solicitudes, así como a formalización dos correspondentes contratos.**

### **6.- FACTURAS E CONTAS.**

**6.1.-** Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, **acordouse** aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **21.333,96 €.**



## **7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**7.1.-** Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados do uso de vivenda á persoa solicitante, por importe de 180,00 €, a aboar ao propietario da vivenda.

**7.2.-** Acordouse contratar coa **Asociación de Cabaleiros de Lalín** a organización dos actos derivados da realización da XXVIIª Edición da Feira do Cabalo, segundo presuposto remitido con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizo, e autorizar e comprometer un gasto por importe de 13.000 euros para cubrir o contrato menor de servizos con dita entidade.

**7.3.-** Acordouse, previa solicitude de einteresado, dar de baixa a autorización do posto de venda ambulante que foi concedida na Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro de 2014.

**7.4.-** Acordouse a concesión de postos de venda ambulante para os 24 días de feira do ano 2015 e a aprobación das altas e liquidacións pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulante e rodaxe cinematográfica para o exercicio de 2015.


## **8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**8.1.-** Visto o escrito remitido a este Concello de Lalín polo Grupo de Desenvolvemento Rural Terras do Deza en relación á axuda LEADER solicitada para o desenvolvemento do proxecto denominado “**ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DA ZONA DO CENTRO SOCIAL DE GOIÁS**” acordouse comprometerse a licitar dito proxecto unha vez sexa notificada a resolución de dita subvención.

**8.2.-** Dáse conta do inicio, o día 9 de febreiro de 2015 ata o día 27 de febreiro de 2015, do cumprimento dun Plan de Execución de Traballos en Beneficio da Comunidade, de 30 xornadas, nº executoria 705/2014 do Xulgado do Penal nº 2 de Pontevedra.

**8.3.-** Dáse conta do escrito presentado pola sociedade **DAENPA, S.L. (Unipersonal)** no que solicita acceso ao expediente e que se lle remita “toda a documentación relativa ao proxecto de segregación” da parcela sita no polígono industrial de Botos (Ref. Catastral





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

0107402NH7200N0001HJ), titular de licenza de segregación: Industrias González S.L. (exp. 2015/03), e autorízase o acceso ao expediente e a obtención de copias do mesmo.

**8.4.- Acordouse autorizar á Asociación de Empresarios de Deza** a efectuar o peche dun tramo da rúa Avenida Luís González Taboada dende o cruce coa rúa Pintor Laxeiro ata o cruce coa rúa Z (ó lado do supermado Eroski) para a colocación de instalacións inchables para os nenos en horario de mañá de 12:00 a 14:00 horas, e de tarde de 16:30 a 19:30 horas o día 14 de febreiro de 2015, con motivo da realización de actividades lúdicas e para usar a carpa instalada na Praza da Igrexa para organizar un concurso de disfraces infantil, en horario de 17:00 a 19:30 horas para ese día 14 de febreiro.

=====

